

6) Avaliación das propostas e comité de selección

Recibidas as solicitudes de participación, o Concello convocará aos establecementos participantes, no día e hora que se indique, para que presenten unha mostra do/s produto/s e do/s seu/s embalaxes. En defecto de mostra, poderán presentar unha fotografía do produto e embalaxe en base as cales o comité de selección realizará a valoración.

No mesmo día reunirse o comité de selección e farase pública a súa resolución, incluídos os premios a outorgar. Tras finalizar a reportaxe fotográfica dos produtos seleccionados devolveranse todas as mostras presentadas.

O comité de selección estará composto por representantes da entidade convocante, nomeados ao efecto, e axustará a súa actuación ao disposto nos artigos 22 e seguintes da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

A selección dos produtos que integrarán o catálogo realizarase consonte aos seguintes criterios:

- A especialización dos produtos
- A relación calidade-prezo dos produtos
- A novidade e orixinalidade no concepto de envases e embalaxes

A organización resérvase o dereito a determinar o n.º de obxectos que integren o catálogo en función tanto da demanda como da oferta de produtos presentados a concurso.

O prazo de resolución do comité de valoración será a partires do día 26 de novembro de 2008.

7) Resolución

Por proposta da comisión de avaliación, a Xunta de Goberno Local procederá á resolución inicial desta convocatoria, a cal publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e máis na páxina web da Concellaría de Promoción Económica "maiscompostela.org". A súa vez notificarase individualmente ás persoas que presentasen propostas que resulten gañadoras.

8) Xustificación e pagamento

No prazo de sete días naturais a contar desde a notificación individual da resolución do concurso, os/as gañadores/as deberán achegar, polos mesmos medios descritos para a solicitude, unha declaración xurada do compromiso de incluír os produtos seleccionados na campaña.

O incumprimento da obriga de dispor dos produtos seleccionados no establecemento no prazo indicado dará lugar á revogación da concesión inicial do premio, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, previo informe da Oficina de Promoción Económica.

O prazo límite para a execución dos cheques de consultaría e das campañas publicitarias en radio será o día 20 de decembro do 2008.

9) Participación

A participación nesta campaña de promoción supón o coñecemento e aceptación das bases por parte dos establecementos comerciais candidatos.

As bases íntegras do concurso, así como o formulario de inscrición e ficha técnica poderán consultarse e obterse a través dos seguintes medios:

- A través da web da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Comercio: www.maiscompostela.org
- Solicitándoas por correo electrónico: sae@santiagodecompostela.org
- Por teléfono no número: 981 542 493



REGALAR

custa pouco

bases do I Concurso
catálogo de promoción
comercial de Compostela



Obxectivo

1)

A Concellaría de Promoción Económica e Comercio, cos obxectivos de potenciar as compras nos establecementos comerciais na cidade, no que se prevé será un período de venda baixo, de promover a adaptación dos establecementos comerciais á situación e cambios no mercado actual e de estimular a implantación de estratexias encamiñadas á satisfacción das necesidades, esixencias e demandas das persoas consumidoras, convoca o I Concurso Catálogo de Promoción Comercial de Compostela. A selección dos produtos comerciais que se incluírán no catálogo, que será distribuído de balde por todo o concello durante a tempada de Nadal, así como a concesión de premios aos comercios participantes, rexeranse polas seguintes bases:

2) Establecementos que poden participar

Poderán participar no concurso todos os establecementos comerciais que o desexen, abertos ao público no termo municipal de Santiago de Compostela, sempre que estean en posesión das licenzas oportunas.

3) Premios

Os establecementos comerciais que participen na campaña poderán optar aos seguintes premios:

- PREMIO ESPECIAL DO XURADO - 750 euros [1.º premio] e 375 euros [2.º premio] aos establecementos comerciais que presenten os produtos que o comité de selección estime como as mellores propostas do catálogo.
- CHEQUES DE CONSULTARÍA - entre todos os establecementos comerciais participantes sortearanse 10 cheques de consultaría de servizos técnicos especialistas en imaxe corporativa e deseño gráfico [5 cheques] e interiorismo e decoración [5 cheques].
- CAMPAÑAS PUBLICITARIAS DE 15 CUÑAS DE RADIO CADA UNHA, EN DIFERENTES EMISORAS LOCAIS - sortearanse entre os establecementos cuxos produtos foran seleccionados para integrar o catálogo.

A Concellaría de Promoción Económica e Comercio asumirá os custes derivados da elaboración e edición do catálogo de todos os produtos seleccionados, da súa distribución no concello, así como da promoción publicitaria en medios durante o período de duración da campaña, comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 5 de xaneiro de 2009.

4) Prazo de inscrición

Sínálase como data límite para a inscrición no concurso o día 24 de novembro do 2008.

5) Solicitudes e documentación

○ Quen estea interesado/a presentará a documentación no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela sito en rúa Presidente Salvador Allende, 4, Santiago de Compostela.

A documentación a achegar será a folla de inscrición (Anexo I) acompañada da/s ficha/s técnica/s (Anexo II), debidamente cumprimentadas, para cada unha das propostas presentadas.

Non se terán por presentadas aquelas solicitudes que presenten unicamente a folla de inscrición.

○ Cada establecemento poderá presentar ao concurso un máximo de unha (1) candidatura por cada rango de prezos. Non será obrigatorio presentar un produto en cada unha das categorías ou rangos de prezos.

○ Todos os establecementos deben presentar unha mostra do produto e do seu embalaxe no día e hora que lle sexa notificado pola organización do concurso.

○ Os establecementos participantes deberán:

- Colaborar en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento.
- Os produtos presentados deberán figurar na oferta habitual do establecemento como mínimo durante os días da campaña (do 1 de decembro de 2008 ao 5 de xaneiro de 2009), exceptuando os días oficiais de peche do establecemento, que deberán ser detallados na ficha que se xunta. Pasado o concurso, os obxectos presentados poderán seguir formando parte da oferta de cada establecemento.
- O prezo de venda dos produtos presentados na campaña de promoción comercial será o acordado na folla de inscrición e na ficha técnica correspondente. Para o catálogo establécense as seguintes franxas, e poderase optar a estar presente en calquera delas:

● Produtos de ata 5 €

● Produtos de ata 10 €

● Produtos de ata 20 €

● Produtos de ata 30 €

● Produtos de ata 50 €

● Produtos de ata 100 €

● Exhibir nun lugar visíbel, tanto no interior como no exterior, o distintivo que identificará aos establecementos participantes no concurso.

● Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visíbel na súa oferta os produtos que participen no concurso.

● Dar un breve informe final do número de produtos vendidos e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de facer propostas de mellora para as posíbeis futuras edicións.

● É motivo de expulsión do concurso o incumprimento dalgunha das normas aquí establecidas.

○ Os datos recollidos, conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, no formulario de inscrición serán incluídos nun ficheiro de uso temporal cuxo responsable é o Concello de Santiago de Compostela, e que será destruído á finalización do concurso. A finalidade desta recollida de datos de carácter persoal é exclusivamente a participación nos sorteos e manter comunicación referida ó certame.